



Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B MJCT	Documento 10515I0ZTA	
Código de verificación  112N 501I 0H2V 505V 0CNR	Expediente 105/2021/2155	
	Fecha 30-09-2021	

Asunto PROPOSTA ADDENDA A CONVENIO	Interesado COCINA ECONOMICA DE A CORUÑA
---------------------------------------	--

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "FINANCIAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA ENTIDADE" NO EXERCICIO 2021.

(Expte: 105/2021/2155)

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Eudoxia María Neira Fernández, concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación do Concello da Coruña (CIF P1503000J), que actúa no seu nome e representación, por delegación da alcaldesa, mediante Decreto DEC/AYT/7148/2021 do 28/09/2021, de conformidade con que dispoñe o artigo 61 da Ley 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e o artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réximen local.

E doutra parte, D. D. Jacinto Luis Torres Fraga, maior de idade, en calidade de Presidente da Cociña Económica da Coruña que foi nomeado con data 22 de xuño de 2019 e representa á entidade Cociña Económica da Coruña con CIF G15028483 e enderezo social na rúa Cordelería 10, 15003 A Coruña, cuxa última modificación dos seus estatutos constan con data 5 de xullo de 2018

As dúas partes se recoñecen entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse na addenda ao convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN

1. Que o pasado 21/07/21 asinouse un convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA para articular a subvención nominativa prevista no Orzamento Xeral da Corporación por importe de 45.800 €, aplicación orzamentaria 51.231.48050.
2. Así mesmo, foi tramitado o pago anticipado solicitado pola entidade con data 05/08/2021.



3. O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA, coa finalidade de contribuír a realizar o proxecto "FINANCIAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA ENTIDADE", que se desenvolverá durante o exercicio 2021.
4. No Pleno de data 08/07/2021, aprobouse inicialmente o expediente M3/2021 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito, modificación da relación de Investimentos e modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2021 (prorrogado de 2020). Que como consecuencia da aprobación plenaria e entrada en vigor deste modificativo orzamentario que afectou ao Anexo de Transferencias do Orzamento Xeral, resultou modificada a contía inicial prevista a favor da citada ENTIDADE, incrementándose esta en 29.200 €. Así a cantidade final resultante é de 75.000 €.
5. A entidade COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA presenta por Rexistro Xeral o 17/09/2021, a solicitude de addenda ao convenio asinado, así como un novo orzamento de ingresos e gastos e memoria explicativa da actividade. Compróbase que o déficit orzamentario pode ser cuberto pola cantidade final que figura no orzamento.
6. Acordar a necesidade de incorporar ao convenio asinado entre o Concello de A Coruña e a COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA a presente addenda que afecta aos puntos 6 e 8 da parte expositiva e a clausula terceira do convenio asinado.

ADDENDA

En base ao exposto na parte expositiva do presente documento, recóllese o incremento orzamentario producido, o que supón unha modificación dos puntos 6 e 8 da parte expositiva e da clausula terceira do convenio asinado entre o Concello de A Coruña e a COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA con data 21/07/2021, en canto que o importe orzamentario que se subvenciona para o desenvolvemento da actividade/proxecto "FINANCIAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA ENTIDADE" é de 75.000 €

En proba de conformidade, asinamos esta addenda, na data da sinatura electrónica,

Pola parte do Concello,

Pola parte da Entidade

A concelleira delegada de Igualdade Bienestar

O Presidente

Social y Participación

Eudoxia María Neira Fernández

Jacinto Luis Torres Fraga